

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que o Pleno do Concello de Ames, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

Moción de urxencia presentada polo grupo de goberno para a adxudicación da licitación da xestión do servizo público "Ciclo integral da auga" do Concello de Ames.

(.....)

A urxencia da moción presentada resulta ratificada por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, á vista da acta da Mesa de Contratación na que se propón a adxudicación do procedemento aberto para a licitación da xestión do servizo público "Ciclo integral da auga" do Concello de Ames, o informe previo á adxudicación da Intervención Municipal e demais documentación obrante no expediente, por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a licitación da xestión do servizo público "Ciclo integral da auga" do Concello de Ames á empresa Espina y Delfin, S.L., con CIF B-15026693, de acordo coas seguintes condicións:

A. Prezo:

CONCEPTO	PREZO M3 AUGA FACTURADA ETAP	PREZO M3 FACTURADO SANEAM. E DEPURACION	PREZO M3 CIRCULACIÓN EN ALTA A TEO	PREZO M3 AUGA FACTURA ETAP A BRION	% BAIXA APLICADA A SERVICIOS USUARIO (CLAUS. 15 PREGO)	% DE BAIXA SOBRE PREZOS DESCOMPOSTOS ANEXO VI	IMPORTE OFERTADO OBRAS REPARACIÓN
Espina y Delfin, SL	0,5580	0,5580	0,0000	0,2628	76,00%	56,00%	300.000,0000

B.- Prazo de execución: 2 anos contados dende o inicio da prestación dos servizos, prorrogables por períodos de 1 ano cun máximo de dúas prórrogas.


C.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas polas que se rexeu a licitación, así como coa proposición formulada, así como co Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Ames (Boletín Oficial da Provincia núm. 86, de 8 de maio de 2014), e a normativa vixente que lle sexa de aplicación.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Terceiro.- Facultar ao alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 18 de xaneiro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde



José M. Miñones Conde

A secretaria accidental



Concepción Vilas Cantelar